



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 2 DE OUTUBRO DE 2023

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

ISMAEL DURAN BEREIJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 2 de outubro de 2023, réunese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 15.09.2023

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 15.09.2023 e ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE PARCELACIÓN URBANÍSTICA EXPEDIENTE: 2022/U018/000004

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente en data 26.09.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 02.10.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDIA

Procedemento: LICENZA DE SEGREGACION E PARCELACIÓN

Expediente: 2022/U018/000004



Asunto: DECLARACIÓN DE INNECESARIEDADE DE LICENZA DE PARCELACIÓN URBANÍSTICA

Visto a solicitude de data 04/11/2022 (rex. entrada 202299900002128) presentado por D. para a declaración da innecesariedade de licenza de segregación de parcelas.

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico do arquitecto técnico municipal en data 15/09/2023.
- Visto o informe xurídico da técnico de administración xeral de data 21/09/2023.

Polo exposto, e vista a restante documentación que consta no expediente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

I. Declara a innecesariedade da licenza municipal de parcelación urbanística da finca con referencias catastrais


en lugar Lamelas, ao axustarse ao disposto na normativa urbanística que resulta de aplicación (art. 150.6.b da Lei 2/2016 do solo de Galicia), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

II. Incorporar como anexo do acordo que se adopte copia certificada do plano parcelario correspondentes e das fichas descritivas dos lotes resultantes.

III. Dilixenciar o proxecto obxecto deste expediente

IV. Notificar o presente acordo á persoa interesada.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura no marxe polo Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.”



SEGRIGACION DE PARCELAS DE TERRENO	
Lugar de Lameis - Concello de Cedeira - Galicia - España	
PROYECTO	SEGRIGACION DE PARCELAS DE TERRENO
PROYECTANTE	JAVI GARCIA DOMINGUEZ
PROYECTO	P03

DESCRIPCION	VALOR	UNIDADES
PARCELA RESULTANTE 1A		
SUPERFICIE BRUTA	204 m ²	
SUPERFICIE NETA	168 m ²	
IMPUESTOS	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
RESERVA CATASTRAL	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
CALIFICACION UNIFICADA	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
CONTINENTE AL CONCELLO	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
PARCELA RESULTANTE 1B		
SUPERFICIE BRUTA	304 m ²	
SUPERFICIE NETA	278 m ²	
IMPUESTOS	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
RESERVA CATASTRAL	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
CALIFICACION UNIFICADA	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
CONTINENTE AL CONCELLO	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
PARCELA RESULTANTE 2A		
SUPERFICIE BRUTA	371 m ²	
SUPERFICIE NETA	303 m ²	
IMPUESTOS	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
RESERVA CATASTRAL	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
CALIFICACION UNIFICADA	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
CONTINENTE AL CONCELLO	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
PARCELA RESULTANTE 2B		
SUPERFICIE BRUTA	174 m ²	
SUPERFICIE NETA	148 m ²	
IMPUESTOS	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
RESERVA CATASTRAL	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
CALIFICACION UNIFICADA	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	
CONTINENTE AL CONCELLO	SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL SOLICITANTE: ANA VELLO RUIZ SOLICITANTE: PABLO DIEGO MOREDA GIL	

FIRMADO POR Ana Vello Ruíz (FECHA: 09/10/2023 12:29:00) ,
Pablo Diego Moreda Gil (FECHA: 09/10/2023 12:32:00)
Versión imprimible

CVD: eH/Gd6RXMDL6nssVz03G
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Memoria

FICHA

Parcela resultante 1A	
Superficie bruta	220 m ²
Superficie neta	169 m ²
Linderos	NORTE: carretera municipal SUR: ESTE: OESTE:
Referencia catastral	
Calificación urbanística	Suelo no urbanizable de núcleo rural, según el PXOM del Concello de Cedeira
Cesiones al ayuntamiento	25 m ²



Memoria

FICHA

Parcela resultante 1B	
Superficie bruta	304 m ²
Superficie neta	275 m ²
Linderos	NORTE: SUR: ESTE: OESTE:
Referencia catastral	
Calificación urbanística	Suelo no urbanizable de núcleo rural, según el PXOM del Concello de Cedeira
Cesiones al ayuntamiento	No procede



Memoria

FICHA

Parcela resultante 2A	
Superficie bruta	371 m ²
Superficie neta	332 m ²
Linderos	NORTE: carretera municipa SUR: ESTE: OESTE:
Referencia catastral	
Calificación urbanística	Suelo no urbanizable de núcleo rural, según el PXOM del Concello de Cedeira
Cesiones al ayuntamiento	21 m ²



Memoria

FICHA

Parcela resultante 2B	
Superficie bruta	114 m²
Superficie neta	99 m²
Linderos	NORTE: carretera diputación SUR: ESTE OESTE:
Referencia catastral	
Calificación urbanística	Suelo no urbanizable de núcleo rural, según el PXOM del Concello de Cedeira
Cesiones al ayuntamiento	No procede

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2020/U007/000003



Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente en data 26.09.2023, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 02.10.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN 2020/U007/000003.

EXP. RELACIONADOS:	Expediente nº 2012/U008/000007 (Licenza de edificación) Expediente nº 2023/U022/000019 (Modificación da Licenza de Edificación)
--------------------	--

Visto que con data 28/05/2020 (rex. entrada nº 202099900000499) preséntase solicitude de licenza de primeira ocupación da vivenda unifamiliar sita en (ref. catastral

- Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:
- Visto o informe técnico emitido polo arquitecto técnico municipal en data 29/08/2023.
 - Visto o informe xurídico emitido pola técnico de administración xeral de data 14/09/2023.

Polo exposto, **PROPOÑO** que a Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

- 1º) Conceder a licenza de primeira ocupación a D., para a edificación sita na, (ref.).
- 2º) Notificar o presente acordo ao interesado.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2023 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 26.09.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO ANO 2023 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS

Con data 25.09.2023 (rex. entrada núm. 202399900002001) a empresa VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U. presenta o resumo da facturación e o Padrón de aboados deste Concello, por subministro de auga e sumidoiros correspondente ao 3º trimestre do ano 2023.

Por isto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o padrón de aboados correspondente ao 3º trimestre do ano 2023 de subministro de auga e sumidoiros por un total xeral de contratos de **4.435** e un importe total xeral de **206.530,82 €** e a publicación do anuncio deste Padrón no Boletín Oficial da Provincia e a súa exposición ó público no



taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de 15 días, a efectos de reclamacións. No caso de non presentarse alegacións entenderase aprobado definitivamente o acordo provisional.

Asemade no recibo da auga inclúese o Canon da Auga, e igualmente advírtese ao contribuínte de que a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e asemade, indícase que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO LIXO. EXPEDIENTE: 2023/X999/000032

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 18.09.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO LIXO.

Solicitud: 20220000004131

Solicitante:

Expediente: 2023/X999/000032

ANTECEDENTES

Datos identificativos inmovible:

Referencia catastral:

Enderezo:

Primeiro. presenta solicitude a efectos de tramitación da baixa no padrón da taxa de recollida de residuos do inmovible de referencia.

Con data 10 de maio de 2023, achégase previo requirimento, modelo tributario 036 de AEAT indicando como causa “deixar de exercer todas as actividades empresariais e/ou profesionais (persoas xurídicas e entidades, sen liquidación. Entidades inactivas)”. Declara como data de cese o 27/07/2022.

Segundo. Consta informe de policía local de data 28/03/2023 que conclúe:

“Tras la inspeccion ocular hecha por esta Policia en el inmueble de Montoxo, Cedeira; se puede comprobar como a día de la fecha del informe no existe actividad comercial en este sitio”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa



A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 3445/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 01.01.2016

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrido o devengo”.

II.C. O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

III. De conformidade co informe da policía local que figura no expediente, a actividade empresarial non se exerce na actualidade, polo que procede a baixa no padrón da taxa de recollida de residuos.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	253000776575
REFERENCIA CATASTRAL	



ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	MONTOXO (SAN ROMAN) 15359 CEDEIRA A CORUÑA

SEGUNDO. ANULAR o recibo cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000776575	20233515022RL01R003356				2023	150,00

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña e notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO LIXO. EXPEDIENTE: 2023/X999/000039

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 18.09.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO LIXO.

Solicitud: 20230000000340

Solicitante:

Expediente: 2023/X999/000039

ANTECEDENTES

Datos identificativos inmovible:

Referencia catastral:

Enderezo:

Nº fixo: 253000756401

Primeiro. _____ en representación de _____, titular do recibo con nº fixo 253000756401, presenta solicitude a efectos de tramitación da baixa no padrón da taxa de recollida de residuos do inmovible de referencia por cese de actividade.

Achega coa solicitude modelo tributario 036 de AEAT (declaración censal de alta, modificación e baixa no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores) indicando como causa “deixar de exercer todas as actividades empresariais e/ou profesionais (persoas xurídicas e entidades, sen liquidación. Entidades inactivas)”. Declara como data de cese o 30/11/2022

Segundo. Consta informe de policía local de data 05/04/2023 que conclúe:



“Desplazado al lugar el agente con TIP 070016 a fecha 05/04/2023 se comprueba que en dicha dirección no hay ninguna actividad comercial; se adjunta fotografía. Informe favorable por cese de actividad”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 3445/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 01.01.2016

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrido o devengo”.

II.C. O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

III. De conformidade co informe da policía local que figura no expediente, a actividade empresarial non se exerce na actualidade, polo que procede a baixa no padrón da taxa de recollida de residuos.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte suxeito pasivo:



SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	253000756401
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

SEGUNDO. ANULAR o recibo cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
253000756401	20233515022RL01R003666				2023	248.60

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña e notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

7. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO LIXO. EXPEDIENTE: 2023/X999/000130

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 28.09.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO LIXO.

Solicitud: 20230000000369

Solicitante:

Expediente: 2023/X999/000130

ANTECEDENTES

Datos identificativos inmovible:

Referencia catastral:

Enderezo:

Nº fixo: 253000756519

Primeiro. _____ en representación de _____, titular do recibo con nº fixo 253000756519, presenta solicitude a efectos de tramitación da baixa no padrón da taxa de recollida de residuos do inmovible de referencia por cese de actividade de aloxamento turístico.



Achega coa solicitude comunicación de baixa e cancelación de inscrición do establecemento no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia:

“Unha vez examinada a comunicación da baixa presentada para o establecemento referenciado e de conformidade co establecido na Lei 7/2011, do 27 de outubro do turismo de Galicia e o Decreto 12/2017, comunícolle que o 04 de outubro de 2021 inscribíase a cancelación da inscrición do citado establecemento no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.”

Segundo. Consta informe de policía local de data 05/04/2023 que conclúe:

“Se realiza comprobación visual dentro del domicilio con consentimiento de D _____, en Lugar de _____, Cedeira, por medio del agente 4070023, de que esta vivienda cesó en su actividad de vivienda turística, y ahora es una vivienda unifamiliar en la que residen Da _____ y su madre Da _____ (allí presente).

Dicha vivienda según cita la propietaria ya era unifamiliar en su origen, pero se dividió en dos para ejercer la actividad de 2 apartamentos turísticos. A día de hoy ya no se ejerce esta actividad y vuelve a ser una vivienda unifamiliar para sus propietarios.

Estos hechos se ponen en conocimiento de esta jefatura en referencia a la reclamación del cobro de dos tasas de recogida de basura.

Cedeira (ACoruña) a 21 de septiembre de 2023”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 3445/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011. Na súa nova redacción aplicable dende o 01.01.2016

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará



por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrido o devengo”.

II.C. O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

III. De conformidade cos antecedentes que consta no expediente e o informe da policía local, a actividade empresarial/turística non se exerce na actualidade, sendo o seu uso unicamente o de vivenda unifamiliar polo que procede a baixa no padrón da taxa de recollida de residuos.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	253000756519
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	PIÑEIRO - 15359 - CEDEIRA
ENDEREZO FISCAL	PIÑEIRO - 15359 - CEDEIRA

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña e notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

8. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL. EXPEDIENTE: 2023/X999/000043

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 28.09.2023, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

Solicitud: (202300000001069)

Solicitante:



Expediente: 2023/X999/000043

ANTECEDENTES

Datos identificativos:

Nº **FIXO**: 393000761230 e 393000761231

Enderezo:

Primeiro. presenta, como socia comunitaria de Vídeo Club Alecrín CB, solicitude de baixa dos recibos sinalados para os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 por cese de actividade. Achega a seguinte documentación coa solicitude:

- Baixa autónomos de a data 31.07.2020
- Modelo 037 da AEAT de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores de e modelo 036 de baixa para Vídeo Club Alecrín CB. Data de baixa: 31.07.2020

Segundo. Consta informe da policía local de data 20/09/2023 que conclúe: “Realizadas diferentes gestiones se estima que el local al que hace referencia la solicitud (Vídeo Club Alecrín CB) se encuentra sin actividad por lo menos desde marzo de 2020.”

Terceiro. Os recibos correspondentes aos exercicios 2023 e 2022 foron dados de baixa en acordo de Xunta de Goberno Local de 21 de xullo de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 3445/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 3.1 reguladora da taxa polo aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito impositivo da taxa, que consiste na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local como consecuencia da instalación de calquera elemento, aparato ou obra, independentemente de que se obtivera a correspondente licenza ou autorización.



II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 7.1: “A presente taxa devengarase cando se inicie o uso privativo ou o aproveitamento especial do dominio público local que determina o seu feito imponible. Non obstante, no caso de aproveitamentos xa autorizados ou prorrogados, a remuneración da taxa prodúcese o día primeiro de cada ano natural.”

II.C. O artigo 5.3 dispón que: “As cantidades resultantes da aplicación destas tarifas, esixiranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo sinalados nesta, correspondendo o 10 por 100 dos dereitos xerados por tal concepto, á tramitación e concesión da oportuna licenza.”

III. Dado que a taxa devindícase o 1 de xaneiro de cada ano e que de conformidade co artigo 5.3 as cantidades son irreducibles por cada aproveitamento solicitado ou realizado, procede a baixa do recibo 2021 pero non a do recibo 2020 xa que os documentos de cese son de 31.07.2020 e o informe da policía local sinala o cese da actividade en marzo de 2020.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa polo aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	VIDEO CLUB ALECRIN CB
NIF	E15694599
Nº MATRICULA	393000761230 e 393000761231
ENDEREZO TRIBUTARIO	Pz SAGRADO CORAZON,2/CEDEIRA
ENDEREZO FISCAL	

SEGUNDO. ANULAR os recibos cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	EXERCICIO	COTA (€)
393000761230	20213515022OT01R000012	PZ. SAGRADO CORAZON,2/CEDEIRA	VIDEO CLUB ALECRIN CB	2021	144.00
393000761231	20213515022OT01R000013	PZ. SAGRADO CORAZON,2/CEDEIRA	VIDEO CLUB ALECRIN CB	2021	144.00

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña e notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

9. LIQUIDACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXPEDIENTE: 2023/G006/000236

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente pola Tesoureira municipal con data 22.09.2023, que literalmente di:



“INFORME- PROPOSTA

Asunto: LIQUIDACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.

Data:

Expediente: 2023/G006/000236

ANTECEDENTES

- Solicitudes presentadas aos efectos de anulación ou baixas de recibos liquidados do Padrón da taxa por recollida de residuos.
- Obxecto das anulacións: Varias. En expedientes:
 - 2023/X999/000022
 - 2023/x999/000049
 - 2023/x999/000056
 - 2023/x998/000124
 - 2022/x999/000159
 - 2023/x999/000039
 - 2023/g006/000223
- Achégase aos expedientes o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmobles.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 246 de data 28 de decembro de 2011 na súa última versión, aplicable dende o 05.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.



IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Consta nos expedientes antes indicados e expedientes relacionados, a comprobación dos datos de titularidade dos bens inmoebles a data de devindicación dos exercizos cuxa liquidación se pretende (1 de xaneiro do ano natural)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña para os recibos afectados non coinciden cos anteriores.

VII. Liquidación

A vista do exposto no punto anterior, procede a liquidación ao titular do recibo pendente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

17. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DE AS PONTIGAS”. POS+2022

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 21.09.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2 DA OBRA “AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO DE AS PONTIGAS”. POS+2022

Expte. 2021/C003/000002

D. Artemio Bellas Martínez, con NIF _____, en representación da empresa CONSTRUCCIONES FEGO ATLÁNTICO, S.L., con C.I.F. núm. B70331129, adxudataria da obra denominada “Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas”, presentou a seguinte documentación con data 08.09.2023 (R.E. 2023/999/1897):

- Certificación núm. 2 polo importe de 23.628,20 €
- Fotografía do cartel de obra

A factura correspondente á certificación de obra núm. 2, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:



- Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/2502, de data 09.09.2023, nº de factura Emit-6, correspondente á certificación nº 2 da obra “Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas” por importe de 23.628,20 €.

Con data 19.09.2023 emitíuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar a certificación de obra núm. 2 da obra “Ampliación da rede de saneamento de As Pontigas” polo importe de 23.628,20 € e a correspondente factura do mesmo importe.

2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.

3.- Remitir á Excma. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

4.- Notificar este acordo á empresa adjudicataria e ao director da obra.

5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

18. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.09.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 3 DA OBRA DE SUBSTITUCIÓN DO PAVIMENTO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Expte. 2021/C003/000005

D. Rubén Ferrero Pérez, con NIF _____, en representación da empresa MERAKI CR S.L., con C.I.F. núm. B06909501, adjudicataria da obra denominada “Substitución do pavimento do polideportivo municipal”, presentou a seguinte documentación con data 19.09.2023 (R.E. 2023/999/1954):

- Certificación núm. 3 de data 31.08.2023 polo importe de 88.980,81 €

A documentación xustificativa do control de calidade foi presentada na certificación de obra núm. 1.



A factura correspondente á certificación de obra núm. 3, expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e que foi presentada telematicamente é a seguinte:

- Factura con nº de rexistro de facturas F/2023/2416, de data 28.08.2023, nº de factura 2023_A08_13, correspondente á certificación nº 2 da obra “Substitución do pavimento do polideportivo municipal” por importe de 88.980,81 €.

Con data 26.09.2023 emitíuse un informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra e factura presentada, sendo a conta da certificación completa da obra.

Unha vez vista a documentación que se cita, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar a certificación de obra núm. 3 da obra “Substitución do pavimento do polideportivo municipal” polo importe de 88.980,81 € e a correspondente factura do mesmo importe.
- 2.- Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes, xuntando nun so acto as fases de execución do gasto a que se refire o artigo 67.1.b) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, prestar aprobación ás facturas e os xustificantes que se citan, ordear o pago e que pola Tesourería Municipal se proceda o seu pagamento e contabilización.
- 3.- Remitir á Excm. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.
- 4.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.
- 5.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

19. CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA O XIMNASIO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.09.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA O XIMNASIO DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Expte. 2023/C002/000088

Este concello solicitou unha axuda ao abeiro da Orde do 21.03.2023 pola que se establecen as Bases reguladoras dirixidas a concellos para a construción, reforma, reparación, adecuación ou mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal e para a adquisición de material deportivo inventariable (DOG núm. 60 do 27.03.2023).



A liña 2 da antedita axuda está destinada á adquisición de material deportivo inventariable; dentro da cal o Concello de Cedeira solicitou unha actuación para o subministro de equipamento para o ximnasio do polideportivo municipal.

Mediante a Resolución de data 18.07.2023 da Secretaría Xeral para o Deporte, foi concedida a seguinte axuda ao abeiro da Orde do 21.03.2023:

- solicitante: Concello de Cedeira
- descrición da actuación: subministro de equipamento para ximnasio
- orzamento da actuación: 19.998,88 €
- axuda concedida 2023: 5.882,00 €
- axuda concedida 2024: 4.118,00 €
- prazo para executar as actuacións subvencionadas e presentar a correspondente xustificación: ata o 31.10.2023 para a anualidade de 2023, e 31.10.2024 para a anualidade de 2024.

O gasto consiste na adquisición do seguinte equipamento deportivo para o ximnasio do polideportivo municipal:

- máquinas: multipress, apertura y deltoides, femoral-extensiones, prensa horizontal, dorsales-remo medio, abductor-adorador, glúteo e funcional trainer.

Constan recibidos para tal fin os seguintes presupostos, axustados á maquinaria relacionada no parágrafo anterior:

EMPRESA / CIF	REX. ENTRADA / DATA	CONCEPTO	IMPORTE SEN IVE (€)	IMPORTE TOTAL (€) (IVE incl.)
LETME SOLUCIONES S.L.	2023/999/1884 06.09.2023	Presup. 35/2023 subministro maquinaria ximnasio	14700,00	17787,00
COINTEC, S.L.	2023/999/1888 07.09.2023	Presup. 21375 subministro maquinaria ximnasio	14990,00	18137,90
KAIZEN MANAGEMENT, S.L.	2023/999/1917 13.09.2023	Presup. 394 subministro maquinaria ximnasio	14637,50	17711,38

Con data 26.09.2023 o órgano de contratación emitiu unha proposta de gasto por un importe total de 17.711,38 € (IVE incluído).

Consta informe de retención de crédito emitido pola Intervención municipal con data 26.09.2023 polo mesmo importe.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1.- Declarar a conformidade coa proposta presentada.

2.- Aprobar o gasto e adjudicar mediante un contrato menor a KAIZEN MANAGEMENT, S.L. con CIF B70416466, o subministro do seguinte equipamento deportivo para o ximnasio do polideportivo municipal: máquinas multipress, apertura y deltoides, femoral-extensiones, prensa horizontal, dorsales-remo medio, abductor-adorador, glúteo e funcional trainer, de acordo co orzamento núm. 394 polo importe de 14.637,50 € e 3.073,88 € en concepto de IVE (total IVE incluído: 17.711,38 €).



3.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

4.- Dar traslado deste acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

20. PROBACIÓN DE EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE FIRME DOS CAMIÑOS EN A LABOREÑA, CARTAS E O PENEIRO". AGADER 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.09.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DE EXPTE. DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE FIRME DOS CAMIÑOS EN A LABOREÑA, CARTAS E O PENEIRO". AGADER 2023"

Nº Expediente: 2023/C003/000009

O territorio do Concello de Cedeira acada os 84 km2, ocupando máis do 80% del as zonas rurais das 7 parroquias nas que se divide. Accédese a cada núcleo de poboación mediante vías públicas de titularidade municipal, e co contínuo tránsito de vehículos lixeiros e pesados, ademais das inclemencias meteorolóxicas, estes camiños sofren deterioro. Por este motivo necesítase proceder á súa conservación.

No presente ano 2023, as vías públicas rurais que dan servizo a parcelas agrícolas e que se atopan máis necesitadas dunha actuación de mellora están situadas nas parroquias de Esteiro (camiño de A Laboreña), San Román (camiño de Cartas) e Piñeiro (camiño de O Peneiro). Por este motivo foi redactado un proxecto técnico obxecto da solicitude de participación no Plan de mellora de camiños municipais 2023-2024 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Mediante a Resolución de Alcaldía núm. 165/2023 de 3 de abril foi aprobada a solicitude de participación no Plan de mellora de camiños municipais 2023-2024 ao abeiro da Resolución da directora xeral de Agader do 28 de febreiro de 2023, para a realización do proxecto “Mellora de firme dos camiños en A Laboreña, Cartas e O Peneiro. AGADER 2023”, cun orzamento sen IVE de 58.174,99 € e un custo de control de calidade sen IVE de 735,00 euros.

Consta no expediente de contratación iniciado para o efecto a seguinte documentación:

- Proxecto técnico denominado “Mellora de firme dos camiños en A Laboreña, Cartas e O Peneiro. Agader 2023”, redactado pola enxeñeira D.ª Ana Adelina López López en marzo de 2023, polo importe de 58.174,99 € sen IVE.
- Providencia da alcaldía de inicio de expediente de contratación, asinada con data 08.09.2023
- Memoria xustificativa da necesidade de contratar a obra, asinada pola Alcaldía en data 27.09.2023
- Autorizacións sectoriais:
 - * Augas de Galicia. Conformidade coa Declaración responsable enviada. Expte. DH.W15.93274



- * Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestr. e Mobilidade: expte. IF204A/AC/2023/0605
- * Servizo de Urbanismo da CMATV, expte. A-2023/080

- Informe técnico emitido con data 07.07.2023 pola enxeñeira redactora do proxecto técnico, no cal consta que este último cumpre coas condicións contidas nas autorizacións sectoriais tramitadas.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que han de rexer a adxudicación do contrato, asinado pola Alcaldía con data 25.09.2023.
- Acta de replanteo previo de data 11.09.2023.
- Informe xurídico favorable de data 27.09.2023 sobre a Lexislación aplicable, o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.
- Informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención municipal con data 27.09.2023

O presuposto de financiamento é o seguinte:

	Orzamento presentado (sen IVE)	Orzamento aceptado
Obra civil	58.174,99 €	58.174,99 €
Control de Calidade das Obras	735,00 €	735,00 €
TOTAL	58.909,99 €	58.909,99 €

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Mellora de firme dos camiños en A Laboreña, Cartas e O Peneiro. Agader 2023”, redactado pola enxeñeira D.ª Ana Adelina López López en marzo de 2023, polo importe de 58.174,99 € sen IVE.
- 2.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas asinado pola Alcaldía con data 25.09.2023.
- 3.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento **aberto simplificado abreviado**, para a obra denominada “Mellora de firme dos camiños en A Laboreña, Cartas e O Peneiro. AGADER 2023”, polo importe de 58.174,99 € (70.391,74 € IVE incluído).
- 4.- Publicar un anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

21. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA PARA A XESTIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.09.2023, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente: 2023/A002/000005



Asunto: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA PARA A XESTIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA

Vistas as bases da subvención para gastos de funcionamento de escolas de música de Cedeira, aprobadas por acordo do Pleno do concello de 27 de xullo de 2023 e publicadas no BOP nº 149, do 7 de agosto de 2023.

Vista a acta da Comisión Avaliadora do 08.09.2023.

Visto o informe de fiscalización favorable de Intervención de data 19.09.2023.

Resultando que na base 10 das bases da convocatoria de subvención para gastos de funcionamento de escolas de música de Cedeira establécense que unha vez que a subvención foi concedida á asociación que obteña máis puntos, asinará un convenio co Concello de Cedeira no que se especificarán as obrigas e deberes de cada unha das partes.

Visto o borrador de convenio.

Visto o informe de Secretaría de data 25 de setembro de 2023 e o informe de Intervención da mesma data.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na Resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA PARA A XESTIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA que se incorpora como anexo desta proposta.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

TERCEIRO.- Conceder unha subvención para gastos de funcionamento das escolas de música de Cedeira para os anos 2023, 2024, 2025 e 2026 á Asociación Escola de Música Vila de Cedeira, con NIF G70429543, polos importes establecidos no punto 5 das Bases da subvención publicadas no BOP nº 149, do 7 de agosto de 2023. A Base 7 das bases da subvención para gastos de funcionamento de escolas de música de Cedeira sinala que o importe da convocatoria ascende as seguintes cantidades:

Exercicio	Importe subvención	Importe máx anticipo
2023	11.500 €	8.625 €
2024	46.000 €	34.500 €
2025	46.000 €	34.500 €
2026	34.500 €	25.875 €

Segundo. Notificar a presente Resolución á entidade beneficiaria con indicación dos recursos que resulten procedentes.

Terceiro. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.



En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA PARA A XESTIÓN DA ESCOLA DE MÚSICA

En Cedeira, a **** de 2023

REÚNENSE

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde-Presidente do Concello de Cedeira e que actúa en nome e representación deste, asistido da Secretaria da Corporación, Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

E doutra parte, Lucía Alonso Barro, provista con DNI , na condición de Presidenta da Asociación Escola de Música Vila de Cedeira, con CIF G70429543, e domicilio social en Calle María Mediadora – Auditorio Municipal.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgar o presente documento e, en consecuencia, conveñen en formalizar o presente convenio baseándose nos seguintes:

ANTECEDENTES

1.- A entidade Asociación Escola de Música Vila de Cedeira é unha entidade sen ánimo de lucro, tendo por obxecto o desenvolvemento dos seguintes fins sociais a Ensinanza de música moderna, clásica e tradicional e a creación de agrupacións musicais.

2.- No BOP nº 149, do 7 de agosto de 2023, saíron publicadas as bases da convocatoria de subvención para gastos de funcionamento de escolas de música de Cedeira, aprobadas por acordo do Pleno do concello de 27 de xullo de 2023.

3.- O prazo de presentación de solicitudes iniciouse o 8 de agosto de 2023 e rematou o 29 de agosto de 2023, neste prazo presentouse unha solicitude para participar na convocatoria.

Solicitante	CIF	Data de presentación	Representante
Asociación Escola de Música Vila de Cedeira	G70429543	28/08/2023 Rex 202399900001813	Lucía Alonso Barro

4.- En data 6 de setembro de 2023 a Comisión Avaliadora reúnen para comprobar a documentación presentada polas entidades solicitantes da subvención, sendo a Asociación Escola de Música Vila de Cedeira a única solicitante. Revisada a documentación a comisión acorda requirir a seguinte documentación:

ESCOLA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA – Revisada documentación a comisión de valoración acorda requirir a seguinte documentación:
Aclaración do punto 3 da base 5 en relación a obrigatoriedade de crear un órgano consultivo de participación.

5.- En data 8 de setembro de 2023 a Comisión Avaliadora das solicitudes presentadas propón a concesión provisional á Asociación Escola de Música Vila de Cedeira da Subvención.

En data 19.09.2023 emítese informe de fiscalización pola Intervención municipal.

Resultando que na base 10 das bases da convocatoria de subvención para gastos de funcionamento de escolas de música de Cedeira establécense que unha vez que a subvención foi concedida á asociación que obteña máis puntos, asinará un convenio co Concello de Cedeira no que se especificarán as obrigas e deberes de cada unha das partes.

Tendo en conta os antecedentes antes sinalados, ambas as dúas institucións acordan a sinatura do seguinte convenio de colaboración, conforme ás seguintes:

CLAÚSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



É obxecto do presente convenio de colaboración a regulación das obrigas e deberes do Concello de Cedeira para financiamento dos gastos de funcionamento de Escolas de Cedeira, coa finalidade de axudar a sufragar os gastos directos inherentes á promoción e mantemento dos estudos musicais, e da Asociación Escola de Música Vila de Cedeira como beneficiaria da subvención.

A axuda que concede o Concello ten carácter de subvención suxeito a lexislación en materia de subvención, e está excluída do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao non ter carácter contractual.

SEGUNDA. Contía da subvención

O Concello de Cedeira comprométese a financiar o obxecto do Convenio cunha porcentaxe do 100% do gasto obxecto do convenio, con cargo a partida 334.489.00 e co seguinte reparto anual, 2023: 11.500,00€, 2024: 46.000,00 €, 2025: 46.000,00 € e 2026: 34.500,00€.

TERCEIRA. Obrigas do beneficiario

A entidade virá obrigada a cumprir co obxecto para o que foi concedida a subvención; a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o órgano concedente; a xustificar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con este Concello, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social; a proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos considerados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As asociacións deberán facer constar nos seus impresos e nas súas actividades subvencionadas a colaboración do Concello de Cedeira no financiamento dos mesmo.

As asociación asinantes comprométese a efectuar os trámites necesarios para a obtención de subvencións de outras administracións públicas para o financiamento da Escola de Música. En caso de obter financiamento para a mesma finalidade, procedería a reaxuste da subvención municipal.

Dentro das obrigas dos beneficiarios está responder dos gastos de persoal da Escola de Música sen que este persoal teña vinculación algunha co Concello de Cedeira.

CUARTA. Conceptos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables os derivados do cumprimento das obrigas sinaladas na cláusula primeira do presente convenio:

- Gasto de persoal da Escola de Música (profesorado, conserxe/ordenanza e demais persoal directamente vinculado a Escola de Música) e gastos de administración da Escola (xestería)
- Material didáctico ou de oficina para a Escola de Música.
- Gastos de transporte para desprazamentos con motivo da Escola de Música.
- Gastos de mantemento e reparación das instalacións da Escola de Música, así como os de subministración de enerxía eléctrica, comunicación postais e telefónicas e demais subministracións.
- Seguros de responsabilidade civil.
- Gastos de limpeza das instalacións.
- Gastos directos da organización de actividades relacionadas cos estudos musicais (cursos, seminarios e concertos ou similares).

En ningún caso serán subvencionables o importe de comidas e atencións protocolarias de similar natureza, que de selo caso, serán asumidos por ingresos propios da Asociación.

QUINTA. Abono anticipado

Poderanse facer entregas anticipadas do importe, 75% do importe total no primeiro trimestre da subvención obxecto do convenio, quedando condicionado o seu abono á correcta xustificación dos gastos no anticipo anterior. O importe restante poderase adiantar no seguinte trimestre, a expensas da xustificación global presentada.

SEXTA. Colaboración entre as partes asinantes.



As partes asinantes subscribinte do presente convenio colaborarán en todo momento de acordo cos principios da boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do pactado, e especialmente para facilitar á Asociación a solicitude de subvencións e outras achegas a entidades públicas e privadas.

SÉTIMA. Réxime de execución e xustificación

A entidade beneficiaria virá obrigada, á xustificación documental da subvención concedida ao efecto da val deberá presentar, non máis tarde do 31 de xaneiro de cada un dos anos incluídos neste convenio, excepto o último, que será ata o 30 de xuño de 2026. A xustificación se realizará mediante a presentación da documentación indicada a continuación na sede electrónica do Concello de Cedeira:

- Facturas orixinais por importe igual ou superior da subvención, referente aos gastos subvencionables e que puidese incurrir o desenvolvemento do obxecto do presente convenio, así como unha relación das mesmas. No caso de xustificar o gasto con nóminas, deberán achegarse xustificantes das respectivas transferencias, e dos documentos correspondentes á seguridade social (TC1 E TC2). O beneficiario da subvención debe figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- Xustificante bancario de pago. Solo se aceptarán pagos en efectivo cando o importe da factura sexa inferior a 100,00€ e sen que poida ser obxecto de fraccionamento.
- Memoria de realización da actividade.
- Balance de gastos de funcionamento.
- Certificado dos ingresos da actividade, que comprenderá a propia achega do Concello, matrícula e cotas, así como os demais ingresos derivados da Escola de Música ou bandas integradas, asinado polo Secretario ou Secretaria e co visto do bo do Presidente ou Presidenta.

O incumprimento da obriga sinalada no parágrafo procedente xasexa total ou parcial, comportará para a entidade beneficiaria, a obriga do reintegro da subvención concedida pola parte non xustificada, ademais dos intereses legais que fosen procedentes.

Unha vez xustificada correctamente a subvención concedida, a subvención será aprobada pola Xunta de Goberno Local para o seu pago ao certificado de número IBAN proporcionado.

OITAVA. Potestade administrativa

O Concello de Cedeira como entidade titular, pode exercer, en calquera momento, o control financeiro da subvención concedida co obxectivo de verificar o correcto destino dos fondos públicos, realizando calquera comprobación que resulte necesaria de conformidade coa lexislación vixente, así como solicitando á entidade beneficiaria os xustificantes orixinais dos gastos declarados e que foron financiados coa subvención.

NOVENA. Duración

O presente Convenio entrará en vigor a partir da súa formalización e manterá a súa vixencia ata o 30 de xuño de 2026.

DÉCIMA. Extinción anticipada

A parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigas de cada unha das partes, serán causa de extinción:

- a) A resolución ou rescisión por incumprimento de calquera das partes dos compromisos asumidos.
- b) Mutuo acordo do Concello de Cedeira e a entidade Asociación Escola de Música Vila de Cedeira.

UNDÉCIMA. Interpretación

Dado o carácter administrativo do presente convenio, calquera dúbida na súa interpretación será resolta polo Concello. Igualmente, o Concello de Cedeira poderá modificar o mesmo por razón de interese público, e acordar a súa resolución dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados legalmente.

DÉCIMO SEGUNDA. Dereito supletorio

EN todo o no previsto no presente convenio sobre obrigas das partes intervinientes se estará ao disposto na lexislación administrativa de xeral e/ou particular aplicación e, supletoriamente, polo previsto no Código Civil.

DÉCIMO TERCEIRA. Cuestións litixiosas



Para calquera controversia que puidese derivarse da interpretación e/ou cumprimento do presente convenio, as partes, con renuncia expresa a calquera outro foro, se someten a xurisdición dos xuíces e tribunais con xurisdición no lugar de sede da Corporación concedinte.

E, en proba de conformidade con todos e cada un dos extremos contidos no presente Convenio, e para que conste e surta os efectos oportunos, asinan o presente por triplicado exemplar, a un só efecto, no lugar e data ut supra, de todo o cal, como Secretaria da Corporación dou fe.

Polo Concello de Cedeira

O Alcalde
Pablo Diego Moreda Gil

Pola Asociación Escola de Música

A Presidenta
Lucía Alonso Barro

A Secretaria

Ana Velo Ruiz”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

22. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN 457/2023 DE 20.09.2023 DE SOLICITUD DE AYUDA PARA EL PROYECTO DENOMINADO "PUEBLOS DE REMO" AL AMPARO DEL PROGRAMA "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA" EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA AL AMPARO DE LA ORDEN ICT/1524/2021, DE 30 DE DICIEMBRE, POR LA QUE SE ESTABLECEN LAS BASES REGULADORAS DE LAS AYUDAS PARA EL PROGRAMA "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA" EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 457/2023 de data 20.09.2023, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUD DE AYUDA PARA EL PROYECTO DENOMINADO "PUEBLOS DE REMO" AL AMPARO DEL PROGRAMA "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA" EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA AL AMPARO DE LA ORDEN ICT/1524/2021, DE 30 DE DICIEMBRE, POR LA QUE SE ESTABLECEN LAS BASES REGULADORAS DE LAS AYUDAS PARA EL PROGRAMA "EXPERIENCIAS TURISMO ESPAÑA" EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA

Vista la Orden ICT/1524/2021, de 30 de diciembre, por la que se establecen las bases reguladoras de las ayudas para el programa “Experiencias Turismo España” y se aprueba la convocatoria para el ejercicio 2021 en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, publicada en el BOE número 9 de 11 de enero de 2022.

Visto que en el artículo 7 de la Orden de convocatoria, se establece un importe total máximo a percibir por cada entidad beneficiaria de 200.000 euros, en caso de que los beneficiarios presenten proyectos en



agrupación, el cómputo de esta cuantía máxima se realizará a nivel de cada uno de estos beneficiarios definidos en el artículo 3.1 que forme parte de la agrupación.

Visto el proyecto con denominación “Pueblos de Remos”, solicitud conjunta de los ayuntamientos de Cedeira, Bermeo y Castropol con un presupuesto total para dos anualidades de 580.661 € sin IVA, de los cuales, 196.033 € sin IVA corresponden al Concello de Cedeira.

Por lo expuesto, **RESUELVO:**

Primero.- Avocar la competencia delegada en la Junta de Gobierno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse las circunstancias recogidas no art. 10 da Ley 40/2015 de 1 de octubre, de régimen jurídico del Sector Público.

Segundo.- Aprobar la participación en la convocatoria y la aceptación expresa del procedimiento regulado por la Orden de convocatoria.

Tercero.- Aprobar la actuación al amparo del Programa “Experiencias Turismo España” del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, publicada en el BOE número 9 de 11 de enero de 2022, para la realización de la parte correspondiente del Concello de Cedeira del proyecto conjunto de “Pueblos de Remo” con un presupuesto total de 580.661€ sin IVA de los cuales 196.033 € sin IVA corresponden a las actividades del Concello de Cedeira, el IVA siendo a cargo del Concello el IVA correspondiente, incluido con el compromiso de dotar presupuestariamente el proyecto, así como financiar el proyecto condicionado a la obtención de la resolución de concesión de la ayuda.

Cuarto.- Aprobar la memoria descriptiva de las actuaciones que componen el proyecto objeto de la ayuda

Quinto.- Dar cuenta de la presente Resolución a la Junta de Gobierno Local en la próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

23.ASUNTOS VARIOS

Non hai.

Finalizada a orde do día, os Concelleiros presentes acordan que a vindeira sesión se celebre o día 16 de outubro, en lugar do día 13.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:00 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ